

BASES CONTRATACIÓN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Por acordo da Xunta Directiva da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) reunida o día 25/01/2014, ofértase unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO nas seguintes condicións.

Ubicación:

Lugar: Castrelo (sede da FGCMF)

Concello: Cambados

Provincia: Pontevedra

Descripción do posto de traballo:

A persoa candidata terá un perfil profesional ADMINISTRATIVO, realizando as tarefas encargadas con instrucións da Xunta Directiva, asumindo a responsabilidade na súa xestión, pero coa supervisión xerárquica e funcional que corresponda. As principais tarefas a desenvolver son as seguintes:

- Xestión de chamadas telefónicas, fax, apartado de correos, correo electrónico e atención das visitas.
- Facturación e contabilidade coa supervisión da tesourería.
- Tarefas administrativas (fiscal e laboral) coa supervisión da asesoría.
- Xestión do rexistro e arquivo
- Seguimento das actividades da Federación e atención a colectivos membros (seguros, actividades...)
- Xestión de subvencións e axudas (solicitude, redacción e xustificación, contacto coas administracións)
- Asistencia a asembleas e reunións da xunta directiva.
- Asistencia a algúns dos eventos da Federación.

Requisitos:

Titulación: Graduado en Educación Secundaria ou Formación Profesional de Técnico ou Técnico Auxiliar en Administración (valorarase nivel maior de formación)

Idiomas: Competencia oral e escrita en galego, idioma no que se desenvolverá o traballo habitual

Nivel básico de inglés (lectura e comprensión)

Valorarase coñecementos de francés (lectura e comprensión)

Ofimática: Nivel medio (valorarase coñecementos de OpenOffice ou LibreOffice, e software libre en xeral)

Outros:

Coche Propio

Contrato:

Tipo: Media xornada e de duración determinada

Salario: Según convenio para categoría especificada

Prazo de recepción de curriculums:

O prazo para a recepción de curriculums pechará o domingo 16 de Febreiro de 2014 ás 24 horas, empregándose para o seu envío calquera dos seguintes medios:

-Correo electrónico: fgcmf@culturamaritima.org (preferentemente)

-Correo postal: Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

Apartado de correos nº 38

36630 Cambados

Pontevedra

Cambados, a 5 de Febreiro de 2014
